

982379100



El Alcalde - Presidente
del
Ayuntamiento de Antas de Ulla
- Lugo -

Javier Varela Pérez

Antas de Ulla, 7 de maio de 2008.

Estimado Vicepresidente:

Acuso recibo da carta que me acaba de remitir, comunicando, en síntese, que decidiu deixar sen efecto, de xeito unilateral e sen máis trámites, o Convenio asinado hai escasos días con este Concello para conversión da escola infantil municipal en Galescola, fundamentando esta decisión no *desagrado, sorpresa e decepción* que lle provocaron as valoracións realizadas por un Grupo de Alcaldes- entre os que me inclúo- respecto das circunstancias que afectaron a esta sinatura.

Vaia por diante, Sr. Vicepresidente, o respecto que vostede me merece na representación institucional que ostenta, respecto ó que en ningún caso creo ter faltado.

En troques, o “desagrado e sorpresa” e sobre todo a cualificación de “insultantes” que vostede efectúa respecto das valoracións feitas, resultan especialmente chocantes vindo de alguén que cualificaba de xeito habitual ó anterior Presidente da Xunta - e a varios dos membros do seu Goberno - como: “corruptos” “caciquís” “practicantes de pactos escuros”, “persoas que sempre obtiñan tallada cando Galicia sufría unha desgraza”, etc.

Os Alcaldes, Sr. Vicepresidente (e vostede debería sabelo porque o foi) somos elixidos directamente polos veciños, e a eles nos debemos á hora de conseguir servizos e melloras para os nosos municipios, obxectivo que situamos por enriba, incluso, de calquera directriz política de Partido, por moito que a vostede lle custe aceptar esta idea.

Por iso nos sentimos na liberdade - e tamén na obriga- de esixir o respecto e o trato que os veciños, ós que representamos, merecen e que, dende logo, non pasa por ter que constatar que, a partir de agora, a crítica lexítima e pública entraña o risco de desagradar ou decepcionar a quen, polo que parece, se considera dono e libre dispoñedor dos cartos que saen dos impostos de tódolos galegos.

Cofece vostede perfectamente, por moito que agora pretenda facerse o “sorprendido”, que os máximos responsables do Consorcio chaman reiteradamente ós Alcaldes cominándolles - sempre de palabra- a entrar no Consorcio como único xeito de asegurar o financiamento dabondo para os servizos sociais que os veciños necesitan, expoñéndose, en caso contrario, a ver rebaixadas as subvencións que se viñan recibindo e, en última instancia, a que rematen desaparecendo.

Sabe tamén perfectamente que ante os receos que esta actitude causou dende o principio na xeneralidade dos municipios, vostede mesmo empeñou a súa palabra - e así aparece reflectido nas actas da FEGAMP- en que quen así o desexase podería manter a xestión directa dos Centros aínda dentro do Consorcio, como mellor garantía da salvagarda da autonomía local.

982379100



*El Alcalde - Presidente
del
Ayuntamiento de Antas de Ulla
- Lugo -*

Javier Varela Pérez

Sabe, igualmente, que esta promesa foi incumplida dende o principio, e que a FEGAMP - da que este Concello forma parte- se ten dirixido a vostede reiteradamente (a última vez hai poucas semanas, por escrito) reclamándolle o seu cumprimento, sen obter ningunha resposta, circunstancia dificilmente compatible coa súa afirmación de que "o parecer e a opinión dos Alcaldes lle resultan moi importantes"

Do mesmo xeito, constitúe todo un exemplo da súa coherencia persoal e política que no mesmo Escrito no que me comunica a súa decisión de rescindir o Convenio - baseándose no que "leu nos medios de comunicación" - se queixe de que non lle trasladara as queixas persoalmente e da miña "falla de sentido institucional" .

Estou de acordo con vostede, Sr Vicepresidente: dous non pelexan se un non quere, e polo tanto, este Concello se nega a entrar nunha controversia na que todo parece basearse en que o que ten os cartos debe sempre ter a razón, se eses son os novos modelos de relación institucional que di que "é a súa obriga establecer" non conte nin con esta Corporación nin cos seus veciños.

Se vostede quere dar por resolto o Convenio que acaba de asinar, sería moi conveniente que tivera en conta que en Galicia existen normas xurídicas que a Xunta - especialmente cando se trata do seu Vicepresidente- está obrigada a cumprir. En consecuencia, estará de acordo comigo en que a súa rescisión esixe un procedemento con máis trámites, garantías e, sobre todo, fundamentos, que o desagrado, sorpresa ou decepción sobrevidas que experimente un dos asinantes, por moi profundo que este puidera ser.

En todo caso, quedan ó seu libre albedrío e - responsabilidade - as actuacións que considere oportuno iniciar (incluídos os trámites administrativos que me "convida" a realizar, e cuxa iniciativa non me corresponde), así como as medidas legais e políticas que, á vista dos mesmos, adopte este Concello.

Por suposto, estou disposto a considerar a súa oferta (que vostede propón no seu escrito) de recibir transferencias anuais para o mantemento da escola infantil, sempre e cando as obxectivice e detalle, circunstancia perfectamente posible dende o momento en que recoñece que son subvencións regradas e que "pode dar instrucións" para que se asegure unha cantidade concreta a partir duns "créditos dispoñibles", que supoño saíran dos mesmos impostos cidadáns cos que vostede ten previsto financiar os gastos do Consorcio.

Suxírolle, incluso, que estas cantidades obxectivadas as presente diante da propia FEGAMP, a efectos de poder facer as correspondentes comparacións e coñecer as razóns, se se dera o caso, que motivan que si unha Escola Municipal pasa a chamarse GALESCOLA (coa conseguinte cesión do seu control polo Concello ó Consorcio) elo implique un maior financiamento por parte da Vicepresidencia da Xunta.

982379100



*El Alcalde - Presidente
del
Ayuntamiento de Antas de Ulla
- Lugo -*

Javier Varela Pérez

Entre tanto, entenderá que resulte obrigado considerar vixente un Convenio cuxas razóns para ser asinado explicamos publicamente, baseándonos na responsabilidade cos nosos veciños e ó amparo do dereito á crítica política, lexítimos en democracia, e ó que non pensamos renunciar baixo ningunha circunstancia.

Na seguridade de ter aclarado calquera malentendido que puidera terse producido, e lamentando o desacougo que as miñas valoracións lle puideran ter causado, quedo, como sempre, e co máximo respecto, á súa enteira disposición.

